DO brillante

número 1 — ano 1995

Voceiro da Asociación de Gaiteiros Galegos

*especial*

# AS LETRAS DA MEMORIA

## *"A Guerra das Gaitas"...*





## *...¿ou as Gaitas da Guerra?*

# EDITORIAL

**EDITA**
Asociación de Gaiteiros Galegos

**DIRECCIÓN**
Mª Xosé López

**REDACCIÓN**
Luis Correa
Xosé Manuel Fernández
Mª Xosé López

**ENMAQUETACIÓN**
Xosé Manuel Fernández

**PORTADA**
Xurxo Lobato-La Voz de Galicia: Gaiteiro da Real Banda/ Juanjo Fernández

**COLABORADORES**
Magola Bodega
Manuel Correa "Pipas"
X. Severino Vaz
Camilo Regueiro
Pablo Nogueira
Juanjo Fernández
Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia

**CORRESPONDENCIA**
"DO BRILLANTE"
Apdo. de Correos 8316
36200 VIGO

**IMPRIME**
Feito. Vigo
Dep. Legal VG-495-1994

Benquerido lector:

Dende a celebración da Festa do Albariño en Cambados o día 6 de agosto de 1995 ata o 16 de decembro, data da sinatura do primeiro documento de consenso, o mundo da gaita ten sido obxecto dunha sacudida como nunca antes ocurrira. A moitos lembrounos aquela polémica de principios de século entre os partidarios do gaiteiro de Ventosela e os que apoiaban a estética promovida polos gaiteiros de Soutelo, e que **"as Letras da Memoria"** estívoche ofrecendo nos anteriores números de **DO BRILLANTE**.

Non é o obxecto deste número, nin por suposto desta editorial, analiza-las causas do fenómeno. Só fixemos un traballo de recollida puntual e o máis exhaustivo posible, -dentro dos poucos medios cos que esta revista conta-, da tinta que correu sobre "A Guerra das Gaitas", para poder ofrecerlo agora cunha perspectiva xungida, susceptible de ser analizada por aqueles que o consideren.

Sabemos que para algúns a maioría do publicado carece de calidade literaria, para outros carece de calidade argumental, para outros só serviu de carnaza para os periodistas. Nembargantes o equipo desta revista non nos consideramos con ningún tipo de autoridade para censurar ou rexeitar aquilo que non ten estilo literario ou liña argumental sólida. Consideramos que todo o mundo ten dereito a expresa-la súa opinión, e a polémica en prensa estivo fundamentalmente recollida nas seccións de "Cartas ó Director", non nas columnas de periodistas especializados e pagados, obrigados por isto mesmo a utilizar e coñecer correctamente a língua e os seus subterfuxios. O único obxectivo deste monográfico é plasmar as Letras de hoxe para a Memoria do mañá, deixalas aí para a historia, e para que nós e os que veñan atrás poidamos aprender do acontecido.

Queremos, por tanto, agradecer a tódolos que perderon parte do seu tempo en mandar cartas á prensa, porque gracias a todos este capítulo da historia da gaita e da percusión viu a luz en forma das **Letras da Memoria.** Gracias especiais ós que, con nós, estiveron na brecha, atentos ó que se publicaba, informando e recollendo, a este equipo único e infatigable que son o Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia.

Queremos aproveitar tamén para ofrecerche a ti, estimado lector, colle-lo relevo na dirección e redacción desta revista. Esperamos que na etapa que está por escomenzar exista máis participación dos socios ou dos que simplemente teñen algo que dicir. Seguramente en **DO BRILLANTE** seguirá existindo un espacio aberto ás opinións e os traballos. O voceiro dunha Asociación só refrexa o que ésta é, e se queremos algo sólido e forte, cheo de vida, correspóndenos a nós imprimirlle esa forza e esa solidez. Velaí a tarefa que nos queda a todos como asociados. O equipo de **DO BRILLANTE** estivo encantado de compartir contigo este espacio; pedímosche disculpas polo que non soubemos facer e polo que fixemos mal, e esperamos que o noso traballo sexa a semente do que ha de vir.

*Boas Festas. Que vos preste.*

# Os segredos da gaita escocesa desfilan por Ourense

abril de 1986



Xosé Lois Foxo: "Os escoceses, no mundo da gaita, lévannos un pouco de ventaxa".

IÑAKI OSORIO

# "El gaitero mayor"

□ Por Color Gris

De notas musicales va a ir el comentario de hoy. De notas de gaita robadas al aire fresco de estos dias mañaneros que nos hiela el alma y que no tienen, que ver nada con la nota de color "amarillo" de la escalera del hall de la Escuela de Artes y Oficios que debia haber sido gris. Como grises pueden ser y con poco acierto los criterios gratuitos que se han vertido en la prensa estos dias, acerca de la Escuela Provincial de Gaitas de nueva creación de la Diputacion Provincial orensana. No tan nueva, ya que el lucense Brañas, hace por lo menos cuatro o cinco años, empezó a "enseñar a tocar la gaita", partiendo de cero, pero trabajando duro formó un grupo muy a tener en cuenta, de cuarenta o cincuenta "gaiteros" de distintas edades y también monto (siempre apoyado directamente por la Diputación) el taller de construcción de las mismas. Fue labor la suya, callada y eficaz que quedó ahi; alli, para que ahora venga otro señor a descubrir la pólvora y a decirnos poco menos, que de "musica de gaita" no sabemos nada. Y este director de directores de buenas a primeras se encuentra con cuarenta o cincuenta iniciados o ya tocadores, de gaita y seguimos los orensanos sin saber qué es una "gaita". ¡Esto si que es una gaita!

Se va que este señor "gaitero mayor", no conoce la trayectoria musical en general que tenemos en Orense. Donde nos permitimos el lujo de tener de todo nivel intelectual y de ser la "Atenas gallega". Le aconsejamos que se informe bien y luego, lance sus notas de "gaita" al aire.

No está medido lo que ha dicho el nuevo director Xose Lois Foxo: no somos los orensanos tan desconocedores de la "gaita" y de su cultura y tradiciones. Habra que recordarle al "Gaitero Mayor", que Orense tiene tradición de grandes musicos gaiteros. Solamente voy a citarle uno de fama universal, a ver si le dice algo: Faustino Santalices Perez (nacido en Bande, Orense, 16-XI-1877; Madrid, 6-XII-1960) gaitero y constructor de gaitas y otras cosas. Que conoció al famoso gaitero de Peralta, a los de Soutelo de Montes y el Bolero de Arnoia, y entre otros, a Modesto Sánchez, gaitero solista de "De Ruada". Santalices como gaitero en 1922 colaboró con la "Coral de Ruada") dedico parte de su vida y tiempo, a la recopilación de musica popular en general y de "gaita en especial", precisamente lo que pretende Vd. hacer ahora Foxo. Animos pues, que aunque el camino ya fue iniciado a su debido tiempo y con resultados sorprendentes (lo dice la historia de música popular) se puede seguir caminando e investigando, pero no partiendo de cero como parece ser quiere Foxo demostrarnos, con falta de etica y de humildad.

Hay que ser más modestito, señor "Gaitero Mayor", que a los de la tierra de la "chispa", nos gustan las notas chispeantes de la "gaita bien tocada". No le pase lo que al arquitecto de la escalera de caracol "amarilla" de la Escuela de Artes y Oficios, que se les sabe todas.

FARO DE VIGO
Lunes, 7 de junio de 1993

GALICIA

# Un taller de Orense, el único que comercializa gaitas para bandas

*Sus dueños investigan sobre nuevos instrumentos de la época medieval*

REDACCION
OURENSE

El reciente auge de la gaita ha motivado que desde el taller de instrumentos musicales Inspo, situado en la localidad ourensana de Bentraces, se esté construyendo y comercializando la gaita para bandas. De esta manera el mencionado taller es el primero en Galicia que da salida a la referida gaita también denominada marcial.

Los titulares del taller Fernando Forneiro Arce y Clemente Xosé Neira han manifestado que en Inspo, además de la faceta comercial, se está investigando sobre diferentes instrumentos, pertenecientes a otras músicas como la medieval y barroca. Para facilitar esta labor, se ha revisado documentación, consistente en libros antiguos e iconografía existente en España. El trabajo en este sentido incluye contactos con los responsables del Museo de la Gaita de Gijón.

La labor de los titulares del Inspo, para recabar información, incluye visitas al Museo Internacional de Cornamusas de Ourense, con cuyo director Xosé Lois Foxo mantuvieron un encuentro, que sirvió para que este último facilitase datos y pusiese a disposición de los artesanos la documentación existente en el museo ourensano. Los artesanos de Inspo estarán encargados de surtir de gaitas a la Banda de la Escola Provincial de Gaitas de la Diputación de Ourense, porque de esta manera se evitará tener que recurrir a la compra de instrumentos que se hacen fuera del ámbito provincial ourensano.

El taller de Fernando Forneiro y Clemente Xosé es el único de instrumentos musicales que a nivel privado existe en la provincia. A nivel comercial vende gaitas, tambores y panderetas, entre otros, a grupos folclóricos, escuelas de gaitas, bandas y colectivos musicales, tanto de Galicia como del resto de España. Las ventas también se realizan a diferentes centros gallegos distribuidos por varios continentes. La Diputación de Ourense compra instrumentos para abastecer a las diferentes delegaciones de la Escola Provincial de Gaitas.



IÑAKI OSORIO

**Los propietarios en el interior del taller.**

Jueves
20 de mayo de 1993

# La Asociación de Gaiteiros critica a la Escola de Orense por fomentar música foránea

SANTIAGO
Redacción

La Asociación de Gaiteiros de Galicia (AGG) dio un nuevo paso en su propósito por desbancar de la dirección de la Escola de Gaitas de Orense a Xosé Luis Foxo. Los responsables de la AGG hicieron pública ayer la carta remitida el 12 de mayo al presidente de la diputación orensana, José Luis Baltar, en la dejan constancia de que «Xosé Luis Foxo Rivas non goza do amparo e confianza desta asociación, nin dos gaiteiros de grande prestixio que a ela pertencen».

El director de la escuela fue expulsado el pasado 25 de abril de la asociación en una decisión adoptada por unanimidad por todos sus miembros. La razón, según argumentó ayer el presidente de la AGG, Santiago Caneiro, se fundamentó en que «insulta á cultura da gaita galega e ó instrumento en cuestión, promociona culturas foráneas cos cartos de tódolos galegos e desacredita a xente de grande prestixio e experiencia dentro do mundo da gaita no noso país». En concreto, la asociación asegura que Foxo ha ido introduciento en Orense y áreas de influencia la gaita de origen escocés, la marcha marcial y la tonalidad escocesa, además de los trajes con reminiscencias también de las islas.

«As labores das institucións públicas —recordó Caneiro— deben ir destinadas a revitaliza–la nosa cultura, polo que o que lle pedimos á Deputación de Ourense é que non permita que se siga implantando en Galicia o que non é noso». «Nós creemos plenamente no que nos ven legado polos séculos e non acudimos ás bibliotecas para montarnos a imaxe dos gaiteiros de hoxe», dijo.

Las tensiones entre el director de la escuela y la AGG comenzaron ya en junio de 1990, cuando en una reunión celebrada en la localidad coruñesa de Melide la directiva dio muestras de desacuerdo con el funcionamiento de la Escuela, donde algunos de sus profesores proceden de Escocia y Bretaña. En aquel entonces, la directiva de la asociación instó a Foxo a «que non seguira implantando a gaita marcial». Según Caneiro, su solicitud no obtuvo respuesta positiva, sino todo lo contrario. Xosé Luis Foxo continúo en su línea educativa, «adquirindo incluso en Escocia tódolos instrumentos de percusión para os alumnos da banda da escola».

## CARTAS

# Xa abonda Sr. Foxo

En relación coa nova publicada neste periódico o pasado 15 de Marzo, avisándonos que a Real Banda de Gaitas que vostede Sr. Foxo dirixe, agasalla á Infanta Helena cunha muiñeira co gallo da súa voda, e deixando ó marxen o evento da Casa Real, quixera facer uns apuntamentos sobre da actitude oportunista, outra vez máis, nas que vostede é un verdadeiro mestre.

Calquera oportunidade élle boa para satisface-lo seu ego, dende o apoderamento do Sr. Fraga ata nesta última do casamento Real, pero os folgos vánselle rematando e a este último acontecemento vostede non foi invitado, o cal non impide que, na súa abstracción da realidade, nos queira facer creer a todos que alí estaba.

Vostede Sr. Foxo, non entende que hai cousas que non son de sometemento as leis mercantilistas, por moita televisión ou prensa que teña de apoio. Ou se sinten ou non, pero nin se mercan nin se venden, e ese é o caso da nosa música tradicional e, por extensión, da cultura popular galega.

Vostede ten fixación de querer pasar á historia, quizáis como o renovador, ou o visionario que lle da un pulo a música tradicional galega elevándoa no máis alto, como se merece. En calquera caso, tanto me teñen as súas razóns porque, na práctica, vostede non sabe estar no seu sitio nin como gaiteiro, nin como mestre de gaiteiros. O seu labor pretencioso non ten senso en Galicia, onde o noso instrumento (que non é o seu) non precisa de ser dignificado por visionarios como vostede. O noso instrumento, como portador do carácter do noso pobo ten dignidade de seu. Outra cousa é ve-la necesidade de dignificar ou non a un gaiteiro como vostede. Niso estou de acordo.

Vostede non tomou conciencia da honra e, ó tempo, a responsabilidade que supón sentirse depositario da cultura musical galega. Pola súa vaidade, máis ben parece sentirse o propietario dela, co dereito de facer o que lle pete con algo que non lle pertence. Lamentablemente, hai tempo que perdeu o horizonte do galego, esquece que a gaita galega non é só un instrumento, senón un "instrumento para facer música galega"; pero isto está tan lonxe do que vostede fai...

Vostede Sr. Foxo, como moito é un músico mimetista que, con xeitos de interpretacións alleos á nosa cultura, pretende castrapa-la nosa identidade na expresión musical, e non entende que só se pode expresa-lo sentimento da música do País, cando se sinte a sí mesmo coma un medio e non coma un fin.

Vostede é intelixente, Sr. Foxo, e polo tanto, agradeceríalle que reflexionara acerca de se é preciso toda esa parafernalia que amosa, queréndonos facer vestir saias, soprar gaitas marciais -como vostede as denomina- con tres cornos as costas, bater (facendo xogos malabares) percusións plásticas de diferentes cualidades tímbricas ou xuntar unha "banda" de trinta gaiteiros, ou o que sexan, para enfrentalos con outros en concursos carentes de todo fundamento. sinceiramente, coida que o estado actual da nosa música tradicional, tesouro común de tódolos galegos, pódese permitir este intrusismo travestido.

Vostede Sr. Foxo, ten uns méritos que non dan para nada e muito menos para pasar á historia. Para modestos gaiteiros coma min os modelos a seguir son outros: Feijoo, Irmáns Cachafeiro, Santalices, Ricardo Portela e unha morea de anónimos que, pegada a pegada, souberon "renovar" dentro da estética popular, sen harmonías extrañas, cunha imaxe tradicional e por riba de todo, transmitindo o sentimento da Nosa Terra.

Vostede ten un curriculum que non serve para exercer de músico galego, e diso decatóuse tamén a "Asociación de Gaiteiros Galegos" que, actuando con responsabilidade, expulsouno do seu seno. En compensación, goza do abeiro dunha institución pública como é a "Deputación Provincial de Ourense" que cegamente inviste en vostede os cartos do mesmo pobo ó que vostede aldraxa, amosando deste xeito, o mesmo coñecemento e sensibilidade pola música tradicional galega que poida ter un ourizo cacho.

Vostede, e para rematar Sr. Foxo, siga brindando os seus éxitos con güisqui escocés de pedigrí, eu e mái-la miña palleta non o cambeamos polo augardente do país palleiro.

■ **Carlos Luis Peixoto Losada.**

FARO DE VIGO
marzo de 1995

**A vila de Cambados e ós seus visitantes:**

Nesta mañan do **Albariño** contamos coa presencia da **Real Banda de Gaitas da Deputación de OUrense**,e é a sua presencia o motivo que suscita esta folla.

**- ¿ De verdade lles parecen gaiteiros galegos?.**

**- ¿ De verdade lles soa a galego?.**

**- ¿ Viron algunha vez un gaiteiro galego cunha gaita con tres roncos verticais, percusión escocesa e con cara de militar?**

**- ¿Non è triste que organismos oficiais apoien e sufraguen o alto custo deste tipo de formacións (escocesas) alleas á música e á cultura galega?**

Gustarianos que mentras escoitan a actuación da **Real Banda de Gaitas da Deputación de OUrense** reflexionaran sobre estes catro puntos.

MOITAS GRACIAS.

***OS GAITEIROS DA BISBARRA AROUSAN.***

INFORMATIVO REPARTIDO O 6 DE AGOSTO DE 1995
NA FESTA DO ALBARIÑO EN CAMBADOS

FARO DE VIGO
Domingo, 6 de agosto de 1995

## *Polémica por la actuación de la banda de gaitas de Ourense*

La Asociación de Gaiteiros Galegos en Arousa y otros grupos de música tradicional gallega de la comarca han declarado como "presencia non grata na Arousa" la visita de la Real Banda de Gaitas de la Deputación de Ourense, que actúa hoy en Cambados.

Esta afirmación se debe a que, según los miembros de algunas agrupaciones musicales de O Salnés, la banda ourensana "vén ultraxando conscientemente a tradición e o folclore de Galicia", ya que utiliza gaitas de tres roncos verticales, acompañadas de una percusión escocesa, así como ritmos y formación militares. Además, sus miembros van vestidos con faldas, "un vestiario en nada representativo da usanza tradicional".

Los gaiteiros de la comarca pretenden hacer un "chamamento á reflexión para que todos os arousáns que teñan pensado asistir á actuación de tan denigrante formación teñan presente esta aldraxe á música tradicional e á cultura galega".

Para reivindicar su postura, algunos miembros de estas agrupaciones repartirán panfletos durante la actuación de la banda de Ourense, aunque no boicotearán su espectáculo.

Domingo
6 de agosto de 1995



## Gaiteiros de la comarca protestan contra la presencia de la Real Banda de Orense

VILAGARCÍA
Redacción

Un importante número de grupos de gaitas, de música y baile tradicionales, de música folk y de artesanos de la comarca de Arousa, algunos de ellos incluso con premios nacionales de música folk, se concentrarán hoy en Cambados para protestar por la actuación de la Real Banda de Gaitas de Orense, cuya presencia en la comarca se declarado *non grata*. «Temos que lamentar profundamente —se dice en un comunicado hecho público ayer— que unha comarca como a arousán, rica en manifestacións intachables coma a que representan gaiteiros emblemáticos desta bisbarra, permita a presencia da Real Banda da Deputación de Ourense», de la que se afirma que viene «ultraxando conscentemente» la tradición y el folclore de Galicia, lo que constituye, a juicio de los firmates del escrito, «un grave atentado ó patrimonio cultural galego».

### «Denigrante»

Los artesanos y gaiteiros de la comarca se preguntan, en este sentido, dónde se ha visto que una gaiteiro gallego use una gaita de tres roncos verticales, acompañado de una percusión escocesa, con falda —un vestuario en nada representativo de la usanza tradicional— y ritmos y formación militares. Añaden que esas docenas de gaiteiros «de formacións alleas á cultura galega», son apoyadas por organismos oficiales que dicen fomentar de ese modo la musica de Galicia. Por eso, los firmantes del escrito han hecho un llamamiento a la reflexión de todos los van a asistir a la actuación de «tan denigrante formación».

La denuncia fue suscrita por la Asociación de Gaiteiros Galegos, Revenidas de Vilaxoán, Treixadura, Os Faiscas, Pallamallada, Leixaprén, Brisas do Salnés, Banda de Gaitas de Vilanova, Ansuiña de Vilanova, Arume de Boiro, Xatova de Noalla y por los artesanos Carlos Galbán y Ramón Vázquez.

Lunes
7 de agosto de 1995

## Polémica por la actuación de la Real Banda de Gaitas de Orense

La nota polémica del día la puso la actuación de la Real Banda de Gaitas de la Diputación de Orense, que amenizó no sólo el paseo de la comitiva oficial desde el concello hasta el patio de armas de Fefiñáns, sino también la investidura de *cabaleiros*, que concluyó con la interpretación de la Marcha do Albariño. Justo cuando la banda se acercaba al pazo, un numeroso grupo de gaiteiros y folcloristas de la comarca inició el reparto de pasquines entre los cientos de personas que asistían al acto.

Llamaban la atención sobre lo que consideran un «aldraxe» a la cultura gallega e invitaban a «reflexionar» sobre si «de verdade lles parecen gaiteiros galegos», si «viron algunha vez un gaiteiro cunha gaita de tres roncos verticais, percusión escocesa e con cara de militar» y si no es triste que «organismos oficiais apoien e sufraguen o alto custo deste tipo de formacións (escocesas) alleas á música e á cultura galega». Al menos dos de los gaiteiros críticos, con la Real Banda fueron identificados por la policía.

El propio Fraga no fue ajeno a la polémica. Tras calificar de «bromistas» a quienes repartían los pasquines, al final del acto pidió un aplauso para la banda y felicitó a su director, Luis Toxo. Entre el público, la división de opiniones era patente.

INFORMATIVO REPARTIDO O 12 DE AGOSTO DE 1995
EN MONDARIZ-BALNEARIO

GALICIA, SEN GAITEIROS GALEGOS

- A Cultura Popular Galega, en concreto a nosa Cultura Musical, síntese como propia ou non. Galicia precisa de visionarios pretenciosos que veñan a "dignifica-la nosa cultura" coa sustitución dos n instrumentos populares por gaitas con tres cornos ás costas, percusións de "alta tensión" que se b facendo xogos malabares e, como non, de complemento unha vestimenta carente de todo etnográfico referido a Galicia.

- Non se fai "Música Popular Galega" por titular ás pezas como Muiñeira, Jota, Foliada, etc., tamén ha interpretala con ese criterio, sen xeitos alleos a nosa Cultura, tanto musicais como estéticos. O que fai *Real Banda* é castrapa-la nosa identidade na expresión musical, e non entenden que só se pode expre sentimento da música do Pais cando un mesmo se sinte coma un medio e non coma un fin.

- Ser Gaiteiro é te-la honra de ser depositario (non propietario) dunha parte da Cultura Popular Galega tempo, responsable de que a Cultura que representa perdure no tempo, renovando pegada a pegada, harmonías extrañas, cunha imaxe tradicional e, por riba de todo, transmitindo o sentimento da Nosa Te

- A carencia de sensibilidade e o descoñecemento da Cultura Musical Galega que amosa a *"Deputa Provincial de Ourense"*, e o "iluminado", *D. Xosé Lois Foxo*, director desta *Real Banda* pagada cos ca do pobo galego, é o maior aldraxe e falta de repeto para coas Formacións Tradicionais e o que represe como parte da Cultura Galega, da que dende logo, ista *Real Banda* non é representante.

De seguro que no Reino Unido quedarán sorprendidos ó descubrir que teñen dúas colonias no Es Español : XIBRALTAR E GALICIA.

¿VOSTEDE QUE PENSA ...?

**Colectivo de Gaiteiros Galegos Cabreados**

# Denuncian amiguismo en la selección de los profesores de la Escuela de Gaitas

REDACCION
OURENSE

El ex miembro del quinteto "Brisas do Miño" y actual director de la Banda de Gaitas de San Lorenzo de Piñor, José Severino Vaz, ha contestado a los profesores de la escuela de gaitas que manifestaron su apoyo al trabajo desarrollado por el director de la Escuela Provincial de Gaitas de la Diputación de Ourense, Xosé Lois Foxo, que ha recibido acusaciones por parte de los denominados gaiteros "cabreados" de que prima la música escocesa en perjuicio de la música tradicional gallega.

Según este gaitero "cabreado", los profesores de la Escuela se han olvidado de su profesionalidad para defender "sus intereses económicos y sus buenos puestos de trabajo". "Yo, personalmente", afirma José Severino, "soy partidario de que la Escuela de Gaitas de la Diputación de Ourense se profesionalice con personas que tengan conocimientos de nuestra música gallega, de tal manera que los profesores no sean elegidos por amiguismo del señor Foxo, sino por su profesionalidad y preparación, porque se está gastando una buena cantidad de dinero y este dinero se debe controlar".

José Severino Vaz les recuerda también a estos profesores de la Escuela Provincial que los pequeños grupos han sido los que han recuperado la música tradicional gallega, "y cuando ya había renacido llegaron ustedes criticando lo que habíamos hecho y confundiendo nuestra música tradicional con la escocesa".

FARO DE VIGO
28 de abril de 1993

■ *TRIBUNA ABIERTA* ■

## *Invasión escocesa*

O pasado 12 de agosto tivo lugar en Mondariz–Balneario o quinto Festival Folk organizado pola asociación xuvenil *Saidoiro*. O programa de actos estaba formado pola banda local *Flor do Toxo*, a banda *Dragóns Verbellos* da Deputación Provincial de Ourense, *Xareu*, Uxía e *Os Caimáns do Tea*.

Antes do acto e durante a actuación da banda *Dragóns Vermellos*, un grupo de persoas adicámonos a repartir folletos informativos, intentando dar unha información e provocar unha reflexión sobre a existencia, significado e connotacións destas bandas escocesas con que a Diputación de Ourense –e non só elaestán a enche–lo país. Ó sair a *Pipe Band* en cuestión, algunhas persoas do público –e non só nos, porque co cativo número que eramos non teríamos feito tanto ruido como para ferir os seus oídos–, asubiaron e abucheárona, manifestando así un sentimento de descontento co que estaban a ver e escoitar. Esta manifestación provocou a indignación do señor presentador e organizador, que acto seguido utilizou o micrófono para tomar partido, falar do que descoñecía e manipula–la opinión dos alí presentes.

Entérese, señor presentador e organizador, que en tódolos concertos do mundo libre, o público é soberano e expresa a súa opinión batendo palmas se lle gusta o que escoita, marchando do recinto se se aburre, e asubiando e pataleando se se sinte descontento ou estafado. O primeiro que tiña vostede que aprender para organizar un acto é a respecta–la opinión de aqueles que, co seu donativo á entrada, están contribuindo á realización do evento, ainda que esta opinión non concorde coa súa propia, e intentar aprender para vindeiras ocasións. Claro está que este non é o talante de vostede, en canto que chegóu a ameazar a un dos que pacíficamente repartía folletos informativos nun acto celebrado nun estado libre e democrático no que todos temos dereito a expresa–la nosa opinión, con chamar á Guardia Civil, utilizando fórmulas e medios do pasado para impoñe–las súas ideas.

E falando do respecto que vostede reclamaba para a actuación da *Pipe Band* en cuestión, nos tamén queremos ser respectados, queremos que se respecte a nosa música, a nosa cultura, o noso xeito de ser e sentir, a nosa historia, os nosos símbolos, o noso país; e queremos que non nos enganen, nin nos confundan, nin nos prostitúan, faltándolle así tremendamente o respecto ó noso pasado e á nosa intelixencia.

**María Xosé López Villar. Vigo.**

23 de agosto de 1995

Viernes
11 de agosto de 1995

Rechaza que su formación utilice vestimenta y repertorio foráneo

# Foxo defiende a la Real Banda

*El director de la Real Banda de Gaitas de la Diputación de Orense, Xosé Lois Foxo, todavía sigue indignado por las críticas recibidas el pasado domingo en Cambados. Un grupo de personas, ataviadas con traje típico gallego, repartió panfletos durante la fiesta del vino Albariño, reprochando al grupo orensano la utilización de vestimenta y un repertorio de piezas más próximas, decían, a la cultura escocesa que a la gallega.*

ORENSE
Redacción

Xosé Lois Foxo explica que el repertorio de música de la Real Banda de Gaitas está abierto a medio centenar culturas diferentes, aunque el 95% del mismo es música gallega. Aclara, al mismo tiempo, que la formación no es un grupo folclórico, entre otras cosas, porque los instrumentos no se corresponden a los típicos grupos folclóricos.

Por la misma razón, según destaca, la vestimenta tampoco se corresponde con la que se implantó en el siglo XVIII en Europa, caracterizada por su intenso colorido, y que es la heredada normalmente por estos grupos. La Real Banda de Gaitas, en cambio, se ha remontado 600 años en el pasado de la tradición gallega para la elección de sus trajes, lo que explica el predominio de los colores azul y blanco.



V. MEJUTO
**La Real Banda fue criticada durante la pasada fiesta del Albariño**

### Concesión real

Gran parte de la indignación de Xosé Lois Foxo, según dice, obedece a que «la Real Banda de Gaitas de la Deputación de Orense recibe este título por concesión de la propia Corona española, por lo que la ofensa no sólo se hizo contra la Banda sino que también podría se considerada como una falta de respeto al Rey».

Foxo pone énfasis en el respeto que esta formación profesa por el resto de los grupos *típicos*, considerándolos como un importantísimo apartado dentro del corpus cultural de Galicia. «Sin embargo, las bandas de gaitas, como agrupación reciente en el contexto músico–cultural gallego, se presentan con un nuevo esquema que no tiene ni debe seguir el camino de las mencionadas agrupaciones, pues utilizan gaitas en *Si bemol* y percusión de alta tensión, entre otras características», aseguró.

El propio director de la Real Banda fue uno de los destinatarios del pasquín que repartieron el domingo gaiteiros, folcloristas y artesanos de la comarca de Arousa. Foxo, que recibió con amabilidad el escrito, tan pronto como se percató de su contenido, lo rompió y lo tiró al suelo. La división de opiniones del público ante la *galleguidad* de la Real Banda fue evidente.

24 de agosto de 1995

■ *TRIBUNA ABIERTA* ■

### *La «Royal Pipe Band»*

Señores da *Royal Pipe Band of Ourense*:

Non se enganen. Sí son folklóricos, no sentido máis bastardo do termo. No empregado pola gloriosa Sección Femenina, como se entendía o traballo das folklóricas, representando coa copla española a cultura de tódalas Españas.

Se faláramos en termos textís, vostedes serían o magnífico tecido sintético extraido do petróleo, contaminante e antinatural, e estano a vender coma si fose liño, lá ou algodón.

E, ademáis de folklóricos, son vostedes representativos. Representan os máis baixos estadios de degradación cultural. E iso é grave, tendo en conta que por riba desas costas están tódolos organismos con núcleo diferenciado.

Vaianse enterando de que nun mundo en equilibrio inestable como o que estamos a vivir, é un auténtico insulto á razón plantexar unha estética militarizada, (ollo, non confundir con disciplinada que é outra cosa ben distinta), claro que, ó peor, están a formar clandestinamente ós homes e as mulleres desta terra para loitar por *causas xustas*, a imaxe dalgún iluminado mesmo alemán, por exemplo.

En calquera caso, o patente folklórismo que destilan é tan corrosivo como para que o pobo que os contempla confunda o touciño e a velocidade. Declaran estar presentes somentes en actos realmente importantes ¿Sempre actos con trasfondo político? ¿Representando ós *Hihlands* de Galicia, ou cecáis ós Lowlands? ¿Representando oscuros intereses inconfesables, cilicios incluidos?

Declaran que ningún (?) membro da *Royal Pipe Band of Ourense* cobra un ochavo polo seu traballo (?).

Francamente considero, xa por último, que fusionar individuos tocando un enxendro de gaita, con majoretes movendo os bastóns e aporreando instrumentos de plástico, non é a mellor maneira de dignificar nada que non sexa a propia conta bancaria. E como penso que non é o caso, mellor sería para a cultura galega que coma un «Casper» da vida desaparecerán da escea da música representativa de este país que se ten dado en chamar Galicia.

**Xosé M. Fernández Costas. Vigo.**

INFORMATIVO REPARTIDO O 3 DE SETEMBRO DE 1995
NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS -VIGO-

## COMPAÑEIROS CELTISTAS e da S. D. COMPOSTELA

Hoxe vindes aquí, a Balaídos, a celebrar que unha grande inxustiza estea xa superada gracias ó apoio continuo que lle destes ó Real Clube Celta. Pola vosa **solidariedade**, o Celta segue a estar na Primeira División.

**Ademáis dos problemas que estamos a sufrir en Galicia cos incendios, coa contaminación das rías, co noso idioma, coa pesca en Marrocos, co fletán, co leite, coa empacadora de Guixar, co Real Clube Celta... tamén estamos a ter problemas coa nosa música. Estannos a roubar a nosa identidade.**
**¿Que é o que nos vai quedar?.**

O motivo destes papeis é informarvos doutra inxustiza que vai acontecer aquí. Hoxe actuará a "*Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense*" no estadio de Balaídos; unha banda que di facer música galega. Nada máis lonxe da realidade. Pedímosvos solidariedade e reflexión:

**AS GAITAS** desta banda teñen tres roncos verticais: **NON SON GALEGAS.**
**A PERCUSIÓN** é unha colonización descarada: **NON É GALEGA.**
**OS TRAXES** que levan a moitas das súas actuacións **NON SON GALEGOS.**
**A FORMACIÓN MILITARIZADA**, cos movementos esaxerados de mazo: **NON É GALEGA.**

**TODO É UNHA COPIA DAS BANDAS ESCOCESAS**
**NADA DO QUE FAN É GALEGO**

Este tipo de bandas, financiadas con cartos públicos da Deputación de Ourense e apoiadas pola T.V.G. e outros medios de comunicación, van polo mundo e por Galicia dicindo que a súa música é galega e que representan a Galicia. Isto non serve máis que para que a algúns se lles encha o peto e para que a nosa cultura se desfaga por completo. Nas Illas Británicas estarán moi contentos de saber que no Estado Español teñen dúas colonias: XIBRALTAR E GALICIA

**DEFENDE O NOSO CON NÓS. DA A CARA POLA TÚA CULTURA. CONTAMOS CONTIGO. MOITAS GRACIAS.**

**Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia (da bisbarra de Vigo).**

FARO DE VIGO
Domingo, 3 de septiembre de 1995

# CARTAS

## Compañeiros Celtistas

Hoxe domingo día 3, vaise celebrar no estadio de Balaídos que nunha grande inxustiza estea xa superada gracias ó apoio continuo que lles destes ó Real Clube Celta. Pola vosa solidaridade, o Celta segue a estar no Primeira División.

O motivo desta carta é informarvos doutra inxustiza que vai acontecer en Balaídos. No estadio actuará "Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense" unha banda que está subvencionada con cartos públicos e que di facer música galega. Nasa máis lonxe da realidade. Atrévome a pedirvos solidariedades e reflexión:

-As gaitas desta banda teñen tres roncos verticais (igual cás gaitas escosesas,) non teñen antecedentes nin xustificación histórica en Galicia, a pesares do que pretenda facer crer o seu director.

-A persecusión da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense (ou tal vez da sucursal que a Royal pipe Band of Escocia ten en Ourense) é unha suplantación alevosa; unha percusión con parches de plástico que consegue un efecto totalmente foráneo. En Galicia temos tambores e bombos con parches de pel, pandereitas, cunchas, charrascos, pandeiros, tarrañolas, castañolas, culleres, etc, ¿isto non serve?

-Esta banda leva a moitas das súas actuacións traxes con saias (tanto por gaiteiras como para gaiteiros). É o culmo da copia ás bandas escocesas.

-En Galicia nunca existiron estas formacións de gaiteiros militalizados. Tampouco os tamborileiros e bombeiros fixeron nunca función de bufóns nin "majoretes" mediante os esaxerados movementos de mazas que teñen os rapaces desta banda de Escocia (perdón quería dicir de Ourense).

Este tipo de bandas, financiadas con cartos públicos e apoiadas pola T.V.G. e outros medios de comunicación, van polo mundo (e por Galicia) dicindo que a súa música é galega e que representan a Galicia. Isto non serve máis que para que a algúns se lles encha o peto e para que a nosa cultura se desfaga por completo.

Ademáis dos problemas que estamos a sufrir en Galicia cos incendios, coa contaminación das rías, con noso idioma, coa pesca en Marrocos, co fletán, co leite, coa empacadora de Guixar, co Real Clube Celta... tamén estamos a ter problemas coa nosa música. Estanos a roubar a nosa identidade ¿Qué é o que nos vai queda?

■ Mª Gloria Bodega Pérez. Vigo.



JORGE LENS

Un amplio sector del público se mostró crítico con la actuación de la Real Banda de Gaitas de la Diputación de Orense que interpretó el himno gallego

VIGO, C. M.
Redacción

La parafernalia de los derbis no faltó ayer en Balaídos y los prolegómenos del partido se hicieron tediosos para quienes, a pesar de los *bolos* veraniegos, estaban hambrientos de fútbol. La nota de color la puso la Real Banda de Gaitas de la Diputación de Orense que interpretó el himno gallego. Sin embargo, su entrada en el terreno de juego no fue todo lo aplaudida que se podía esperar. Un amplio sector de la afición dejó claro que prefiere el *enxebrismo* de los gaiteiros tradicionales a los sones marcados de la formación orensana. «Non somos escoceses, somos galegos», se podía leer en una pancarta.

FARO DE VIGO
4 de setembro de 1995

## Una banda a la que no le faltó música de viento

Parte del protagonismo de la tarde se marchó hacia Ourense. Por Balaídos pasaba la "Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense" y, tras ellos, los autodefinidos como Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia da bisbarra de Vigo, que tenían como único objetivo el boicotear la actuación del incómodo visitante.

A las puertas del estadio los reivindicadores repartieron octavillas en las que denunciaban —relacionándolo prodigiosamente con otra serie de problemas gallegos como el de la pesca, el fletán, la leche, la empacadora o el Celta—, la escasa galleguidad de este grupo de gaitas al que califican de "copia de las bandas escocesas". La campaña de concienciación dio resultado de tal manera que casi se escuchaban más los silbidos del público que a las propias gaitas, aunque también hubo un sector (Tribuna) que aplaudía a los gaiteros.

La guinda fue la interpretación del himno gallego, de la que sí fue partícipe el público, pero con la salvedad que estos iban cinco segundos por delante, así que ya se pueden imaginar el efecto que producía esa falta ¿premeditada? de coordinación.

Por último, decir que resultaba curioso que, mientras el resto de jugadores parecían pasar del himno, Bajetic permanecía clavado como si fuera una estaca. Será que se parece mucho al de su república.


CAMESELLE

La Banda de Gaitas de la Deputación de Ourense dejó en Balaídos una ola de polémica.

ATLÁNTICO DIARIO
5 de setembro de 1995



**El actual fútbol español es un arma de doble filo. Quien quiera aprovecharse de él, se adentra en terreno peligroso. Hasta anteayer, el momento de agitación que viven los gaiteros gallegos no había traspasado apenas el entorno familiar de los devotos músicos. Pero el domingo, por mor de un partido de fútbol, del *derby* de Balaídos, tales luchas intestinas son conocidas por un buen número de vigueses.**

# ¡Ay, qué gaitas!

*El 'derby' gallego da publicidad a las disputas entre gaiteros gallegos*

*Vigo /D. FARO/*

A la Asociación de Gaiteiros Galegos no le sentó bien que la Real Banda de Gaitas da Diputación de Orense interpretara el himno gallego en el partido entre el Celta y el Compostela. Y no, explica su portavoz, María José López, por la procedencia de la citada banda, sino por el trasfondo del asunto, que alcanza dimensiones culturales y políticas.

Mediante la distribución de panfletos en los aledaños de Balaídos, varios centenares de gaiteros, vigueses en su mayor parte, trataron de alertar a los asistentes al partido sobre la esencia del episodio que les estaba reservado como prolegómeno al *derby*: una secuencia más de un "engaño sistemático y brutal", que en esto consiste, considera María José López, la Banda da Diputación de Orense.

Los panfletos tuvieron aceptación entre el público: en algunos momentos ni se escuchó el himno, ahogado por una sinfonía de pitos, otra de gritos de reprobación a lo que se estaba escuchando y otra que pretendía interpretar, aunque en versión no instrumental, el verdadero himno. Porque, según María José López, "sólo unos pocos gaiteros nuestros entraron en el estadio".

La portavoz de la Asociación de Gaiteros desmintió que un número apreciable de miembros de ésta formara parte del descontento bastante general. La respuesta del público, por tanto, "no podía estar premeditada".

La actuación de la Banda da Diputación de Orense, indica María José López, forma parte de un "proceso oscuro que la gente no ve", que opera de modo "subliminal" y cuyo propósito es "hacer creer que la música gallega es ésa que toca la Banda de Orense". En efecto, la polémica viene de años atrás: a la vista de las disputas entre gaiteros, no parece claro quiénes de ellos, si alguno, son los genuinos depositarios de la más ancestral música autóctona.



LANDIN

**Tres gaiteros de la Banda de Orense interpretan el himno.**

Las gaitas que emplea la Banda de Orense son "igual que las escocesas", sostiene la intérprete viguesa Gloria Bodega. Pero María José López se muestra irreductible en este punto: "Aunque sigamos como la aldea de Asterix y Obelix, lucharemos contra esta maniobra".

"El himno gallego se escucha siempre con respeto, y el presidente de la Banda de Orense creía que nadie en Balaídos se iba a atrever a mostrar su repulsa a ese himno", asegura María José López, para quien resulta preocupante que la susodicha banda se nutra de dinero público, de manera que, "como puede tocar sin cobrar, porque ya cobra de la Diputación de Orense", "quita el sitio a grupos que, naturalmente, suelen cobrar al menos los gastos de transporte".

María José López afirma que la Asociación de Gaiteiros Galegos no tiene nada en contra del consejo de administración del Celta. Entiende que el presidente del club vigués, Horacio Gómez, invitó a la Banda de Orense "por ignorancia". "Sólo pedimos que la próxima vez se asesore. Hay que ser un poco responsable".

## Gaitas en Balaídos

El pasado domingo con motivo del partido inaugural de la liga 1995-1996 el equipo de dirección del Real Club Celta de Vigo procuró adornar el espectáculo deportivo con una actuación en los prolegómenos de la también Real Banda de Gaitas de la Diputación de Orense.

Puedo certificar que accedieron generosamente a la solicitud, cual es propio de las personas de bien, y decidieron los 65 jóvenes orensanos que componen esta formación musical aupar al bien querido en Orense Celtiña, convirtiendo los soplos de sus pulmones en notas del himno gallego honrar a dos equipos de Galicia que cuentan con el afecto de más de la mitad de la población de nuestras tierras. Estos excelentes músicos actuaron gratuitamente sin otro ánimo que el de poner una nota alegre y colorista y simpatizar con la ciudad anfitriona, sus ciudadanos, el mundo del deporte y particularmente el histórico club celeste. No pedían a cambio otra contraprestación que no fuese una acogida ordenada, la escucha serena y la actitud educada de una ciudad que presume de ser la primera de Galicia y que no sólo pretende tener un equipo en la división de honor sino también militar en ella en Primera división.

Pues bien, una facción del público que dice defender la galleguidad se ha diligenciado para "intentar empañar" la brillantez del acto aprovechando la despersonalización de las aglomeraciones, la irracionalidad de los comportamientos en masa y el anonimato de los improperios. Utilizaron para ello octavillas con confusos argumentos y grupúsculos de exaltados vociferantes que en lugar de apoyar al Celta indudablemente lo obstaculizan utilizando Balaídos para residenciar un debate no sé de que índole cuyo foro desde luego no es un estadio que debe estar "consagrado" a la práctica del noble deporte tan sólo y en todo caso, saber recibir a quienes como en esta ocasión nos dignifican con su presencia y nos deleitan con su música.

■ **José María Núñez Pérez. O Cebreiro.**

FARO DE VIGO
7 de setembro de 1995

## Gaitas de aqui e acolá

Por fin decidome a escreber esta modesta carta logo de muito tempo barallando-o facer. En primeiro lugar gostaria presentarme. Chamo-me Angus, e son un escocés que xa leva dous anos vivindo na fermosa terra da Galiza, felizmente casado cunha autóctona desta monstrosa metrópole chamada Vigo.

Como convencido nacionalista escocés son un entusiasta seguidor do proceso de liberación nacional dos galegos/as e, ademais, un namorado desa música popular que tanto aproxima ás nosas culturas, como países celtas que somos.

E a consecuência disto escrebo esta carta. Desde hai tempo veño observando unha aceda polémica verbo das gaitas que aos poucos vai gastando páxinas nos xornais galegos. O Sr. Méndez Ferrín (do que son un grande admirador e sego semanalmente no *Faro de Vigo*) é un dos que máis se teñen pronunciado sobre o tema; cuxo último capítulo remato de ler no nº688 de *A Nosa Terra*. É un asunto que me entristece pois é agora cando na cultura (como na política) os galegos e galegas deben estar máis unidos frente ás agresións do Estado español e desa barbárie do occidente que se deu en chamar aldea global.

Por cuestións familiares son un decente coñecedor da música popular escocesa (o meu irmán, aló, é un bon gaiteiro), e, precisamente por iso, interesou-me de sempre a música galega, especialmente a de gaita. Sen tratar de valorar músicas ou gaitas mellores ou peores (algo ao que me opoño), observo que o grao de desenvolvimento industrial que separa as nosas nacións afecta tamén ao mundo da gaita: sistemas de produción, investigación e mellora do instrumento que redunda nun progreso na música e esixe níveis altos de execución. E nisto coido que os escoceses, sen maldade, levamos unha clara avantaxe aos galegos. Elva que estou seguro que superaredes cando as institucións, e mesmo a iniciativa privada, que manexan os cartos da cultura, deixen de estar en mans alleas.

Mais quero pór un pouco as cousas no seu sitio: A música e gaita galega e escocesa, pese a posuir evidentes características comuns, coido que se deven manter diferenciadas para sumarse na riqueza cultural do mundo celta.

É por iso que, saiba eu, non existen bandas de gaitas na Galiza que utilicen a gaita escocesa na sua formación. E isto mália o que alguns queiran dicer. As gaitas da famosa *Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense* están ben afastadas do que son as gaitas escocesas. Ter os roncóns en posición vertical non é unha característica específica da gaita escocesa, nen un piviléxio dela. Eu mesmo teño visto no país da Mariña algun gaiteiro cos roncóns cara arriba, que certamente non é o *estándar* aqui. O dos roncóns para arriba non é máis que unha variante tipolóxica que se lle pode ocorrer a calquer.

**Deixade a gaita escocesa na sua terra e non tratedes de vender como escocés o que non o é**

No resto: no xeito de tocar, poténcia do son, abertura da palleta, ornamentación... as gaitas da *Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense* e a gaita escocesa son realidades mui diferentes.

Polo tanto, hai que deixar claros os equívocos e poñer enriba da mesa as verdadeiras razóns da polémica. Pregaria non comprometer á cultura escocesa no voso problema, que somentes é voso, e perante o cal nós, obviamente, non queremos ver-nos implicados. Por favor, deixade a gaita escocesa na sua terra e non tratedes de vender como escocés o que non o é, porque nós estamos mui orgullosos da nosa cultura e non pretendemos colonizar a ninguén, mália ao que os ingleses ao longo da história quixeran facer ver.

Somentes me queda dicer graciñas por ter-me deixado este espácio no voso xornal, xornal dunha terra que de seguro continuarei amando durante toda a miña vida. ♦

ANGUS WILSON

A NOSA TERRA
7 de setembro de 1995

